





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 49 19



En relación coa pregunta con resposta oral en comisión núm.: **22467**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez e D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as razóns do elevado número de verteduras contaminantes mar-terra producidas en Ribeira, e as medidas que se adoptarán para evitalas”**, (publicada no BOPG núm.: 401, do 13 de agosto de 2007), **convertida en pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2007 (BOPG núm.: 482, do 11 de xaneiro de 2008), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que ten o seguinte contido:

“Despois de poñerse en marcha a ‘Comisión de Seguimento de Vertidos do Concello de Ribeira’, na que se integran Portos de Galicia, Augas de Galicia, SEPRONA, empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, e o propio Concello de Ribeira, detectouse que algunhas das verteduras producidas (especialmente as de augas fecais) proviñan dos reboses dos pozos de bombeo da rede de sumidoiros.

Máis difícil é localizar a procedencia das verteduras de carácter oleoso (gasoil puro ou restos das sentinas) que se producen na dársena e na bocana do porto e que logo poden derivar cara á Praia de Coroso.

O máis lóxico é que estas verteduras procedan dunha embarcación que efectuou operacións de transfego de combustible con rebose ou de achique de



sentinas. A operación de achique de sentinas, dependendo da necesidade, é máis frecuente que se faga na bocana ao saír para o mar que no atraque en porto.

Foron moi poucos os casos nos que se puideron localizar as embarcacións infractoras e iniciarlle o correspondente expediente sancionador.

O porto de Ribeira dispón dunha base do Servizo de Gardacostas de Galicia dotada de:

- 11 funcionarios
- 5 vehículos
- 4 embarcacións.

Todos os funcionarios dispoñen de formación específica en loita contra a contaminación por ter realizado os correspondentes cursos nos niveis básico, avanzado e de dirección.

Sinalar tamén que dende xullo de 2007, o Servizo de Gardacostas de Galicia dispón dun contenedor instalado con carácter permanente no peirao de Ribeira que contén:

- 300 m. de barreira de contención
- 1 skimmer
- material absorbente surtido (barreiras, panos e outros produtos)

Portos de Galicia, ten concertado cunha empresa ('PORTVIGO') a atención das emerxencias que son consecuencia das verteduras no porto. Esta empresa, dispón dunha embarcación menor que a dedica con carácter de exclusividade para estes traballos e de material absorbente surtido.



Na ría de Arousa, nos portos de Caramiñal e Tragove, o Servizo de Gardacostas e Portos de Galicia, dispoñen de diverso material para a loita contra a contaminación (barreiras, skimmers, absorventes, etc.)

Aparte da creación da Comisión de seguimento de vertidos do Concello de Ribeira, lévase un maior control dos barcos que realizan operacións no porto, e incrementouse a vixilancia facendo especial fincapé nestes asuntos. Froito destas accións tomadas, nestes últimos seis meses soamente se produciron dous episodios de verteduras”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2008

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Martel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia